

OS PARTICIPANTES NO FORUM AUSAPE SÚMANSE Á CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE DOAZÓNS DE SANGUE

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desenvolverá hoxe unha campaña de doazón de sangue no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela. A campaña desenvólvese en colaboración co Forum AUSAPE (Asociación de Usuarios de SAP España) que convida a todos os asistentes ao congreso a doar sangue. A unidade móbil estará estacionada diante do Palacio de Congresos de Galicia das 09:30 ás 14:30 horas co obxectivo de fomentar a participación de todos os asistentes. A Axencia quere agradecer á organización do Forum AUSAPE a súa colaboración nesta iniciativa solidaria.